

**POSIBLES IDEAS PARA UNHA HOMILÍA
CON NENOS
14 de outubro 2018**

**Deixa as PEDRAS, os afectos...
E Xesús darache ÁS para amar.**

1. VER: Unha xornada de ascenso na montaña.

- O meu amigo Paco é moi afeccionado ao montañismo e encántalle subir á Serra de Queixa. Un día quixo subir ao Cabeza de Manzaneda. Comezou a subir levando a súa mochila ao ombreiro coa auga e a merenda. A medida que ía subindo descubría pedras de cores con formas belas e íaas metendo na mochila. Pero chegou un momento en que o peso era tanto que se cansaba e non podía seguir subindo. E pensaba: dúas cousas podo facer, quedar na metade do camiño ou tirar as pedras.

*Que credes que fixo?
Si, tirou as pedras e así puido chegar á cima.*

2. XULGAR: Para seguir a Xesús hai que deixar pedras.

- No evanxeo de hoxe, un mozo bo achégase a Xesús e preguntalle: *“que farei para herdar a vida eterna, ser feliz”?*. Xesús, véndoo tan apegado ao diñeiro, ás riquezas díxolle: *“Fáltache unha cousa: vende o que tes, dá o diñeiro aos pobres e logo sígueme”*. E engadiu: *“Máis fácil lle é a un camelo pasar polo ollo dunha agulla, que a un rico entrar no Reino de Deus”*.

-QUE NOS QUERE DICIR?

-**Que aquel mozo quería ser amigo de Xesús**, quería seguilo para aprender a ser coma el, pero levaba demasiadas pedras no seu corazón. Non quería a Xesús, senón as pedras: quería o seu diñeiro, os seus caprichos e as súas cousas.

-**Xesús mirouno con agarimo e díxolle**: Se queres vir comigo, tira esas pedras que levas no corazón: o teu egoísmo, sé xeneroso, comparte as túas cousas e terás un tesouro no ceo.

E que fixo? Marchouse moi triste porque non quixo tirar as súas pedras, non quixo compartir o seu diñeiro e as súas cousas porque era moi rico.

Que nos ensina este evanxeo?

3. ACTUAR: Deixa as pedras e Xesús darache ás.

-Dialogamos: que cousas nos impiden ser amigos de Xesús, que pedras temos que tirar, se o egoísmo ou o amor, os nosos enfados ou a nosa alegría, os nosos caprichos (que nos merquen moitas cousas, xoguetes, roupa de marca, *tablet, dron...*) a nosa sinxeleza, as nosas mentiras ou a verdade, a nosa preguiza ou as ganas de facer ben as cousas... Xesús míranos con agarimo, quere que o sigamos, non nos ata, senón que **nos dá as ás para amar**.

-**Xesús desátanos para seguirte sentindo que a nosa vida é só túa para o servizo do Reino**.

LECTURAS

SABEDORÍA 7,7-11: *Ao lado da sabedoría en nada tiven a riqueza.*

Supliquei e foime dada a prudencia, invoquei e veu a min o **espírito de sabedoría.**

Preferina a cetros e tronos e ao seu lado en nada tiven a riqueza.

Non a equiparei á pedra máis preciosa, porque todo o ouro ante ela é un pouco de area e xunto a ela a prata é como o barro.

Quíxena máis que á saúde e á beleza e preferina á mesma luz, porque o seu resplendor non ten ocaso.

Con ela viñéronme todos os bens xuntos, ten nas súas mans riquezas incontables.

Palabra do Señor.

SALMO 89 R/. Sácianos da túa misericordia, Señor, e estaremos alegres.

HEBREOS 4,12-13: *A palabra de Deus xulga os desexos e intencións do corazón.*

MARCOS 10, 17-27 (forma breve): *Vende o que tes e sígueme.*

Narrador: Naquel tempo, cando saía Xesús ao camiño, achegóuselle un correndo, axeonllouse ante el e preguntoulle:

Mozo rico: -«*Mestre bo, que farei para herdar a vida eterna?*».

Narrador: Xesús contestoulle:

Xesús: -«*Por que me chamas bo? Non hai ninguén bo máis que Deus. Xa sabes os mandamentos: non matarás, non cometerás adulterio, non roubarás, non darás falso testemuño, non estafarás, honra o teu pai e a túa nai*».

Narrador: El replicou:

Mozo rico: -«*Mestre, todo iso cumprino desde a miña mocidade*».

Narrador: Xesús quedou mirándoo, amouno e díxolle:

Xesús: -«*Fáltache unha cousa: anda, vende o que tes, dáo aos pobres, así terás un tesouro no ceo, e logo ven e sígueme*».

Narrador: A estas palabras, el engurrou o cello e marchouse triste porque era moi rico. Xesús, mirando ao redor, dixo aos seus discípulos:

Xesús: -«*Que difícil lles será entrar no reino de Deus aos que teñen riquezas!*».

Narrador: Os discípulos quedaron sorprendidos destas palabras. Pero Xesús engadiu:

Xesús: - «*Fillos, que difícil é entrar no reino de Deus! **Máis fácil lle é a un camelo** pasar polo ollo dunha agulla, que a un rico entrar no reino de Deus*».

Narrador: Eles espantáronse e comentaban:

Apóstolos: -«*Entón, quen pode salvarse?*».

Narrador: Xesús quedou mirándoos e díxolles:

Xesús: -«*É imposible para os homes, non para Deus. Deus pódeo todo*». **Palabra do Señor**

(Narrador- Mozo rico – Xesús -Apóstolos)